



CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

Aprobado definitivamente o expediente de modificación de créditos 1/2025, modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, ao non haberse presentado alegacións, publícase o mesmo para o seu xeral coñecemento aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo:

Baixas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Créditos a transferir	Créditos finais
Progr.	Económica				
912	23000	Órganos de goberno. Asistencias a sesións	6.540,00	420,00	6.120,00
		TOTAL	6.540,00	420,00	6.120,00

Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Créditos a incorporar	Créditos finais
Progr.	Económica				
134	480	Protección civil. Transferencias a institucións sen ánimo de lucro	0	420,00	420,00
		TOTAL	0	420,00	420,00

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 171.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171. 3 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Alfoz, 27 de maio de 2025.- A Alcaldesa, Efigenia Maseda Paz.

R. 1417

O INCIO

Anuncio

RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE TÉCNICO/A DE XESTIÓN (OEP 2025) COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DO CONCELLO DO INCIO.

Rematado o prazo de presentación de instancias dentro do expediente para a cobertura dunha praza vacante de Técnico/a de xestión de administración xeral (OEP 2025), pola Alcaldía ditouse en data 29/05/2025 a seguinte Resolución:

HÉCTOR MANUEL CORUJO GONZÁLEZ, Alcalde – Presidente do Concello do Incio, provincia de Lugo.

De conformidade co expediente para a cobertura dunha praza vacante de Técnico/a de xestión de administración xeral (OEP 2025), a xornada completa (100%), en réxime de persoal funcionario/a de carreira, regulado nas bases aprobadas en data 09/04/2025, publicadas integramente no B.O.P. de Lugo n.º 085, do 12/04/2025, así como anuncio da convocatoria publicado no DOG n.º 75, do 21/04/2025, e BOE n.º 102, de data 28/04/2025.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes de vinte (20) días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, ao abeiro do punto 5º das bases que rexen o proceso selectivo:

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a seguinte lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo:

- Relación de aspirantes admitidos/as:

Apelidos e Nome	DNI	Acreditación do nivel de galego	Observacións (non excluíntes) *
Castedo Rey, Juan José	***5652**	SI (CELGA 4 ou equivalente)	
Corral Rodríguez, Diego	***8231**	SI (CELGA 4 ou equivalente)	
López Pérez, Rocío	***4271**	SI (CELGA 4 ou equivalente)	
Maceda González, Asier	***7396**	SI (CELGA 4 ou equivalente)	
Payno Gonçalves, Flavia	***6120**	SI (CELGA 4 ou equivalente)	(1)
Ramos Gómez, Estefanía	***5994**	SI (CELGA 4 ou equivalente)	
Rioja Míguez, David	***4546**	SI (CELGA 4 ou equivalente)	

- Relación de aspirantes excluídos/as:

Apelidos e Nome	DNI	Motivos da exclusión	Acreditación do nivel de galego (non excluínte)	Observacións (non excluíntes) *
Conde Couso, Lucía	***8603**	- Copia do DNI non autenticada. - Titulación requirida para o acceso non autenticada.	SI (CELGA 4 ou equivalente)	(1)
Franco Pintos, Jose Luis	***5486**	- Non presenta Modelo Anexo II de solicitude asinado.	SI (CELGA 4 ou equivalente)	(1)
Gutián López, Marta	***7936**	- Copia do DNI non autenticada. - Titulación requirida para o acceso non autenticada.	NON (CELGA 4 ou equivalente non autenticado)	(2) (3)
Irigoyen Vázquez, Sergio	***5547**	- Copia do DNI non autenticada.	SI (CELGA 4 ou equivalente)	
Lage Gómez, Manuel Roberto	***7843**	- Copia do DNI non autenticada. - Titulación requirida para o acceso non autenticada.	SI (CELGA 4 ou equivalente)	
López Ramudo, Sergio	***5716**	- Copia do DNI non autenticada.	SI (CELGA 4 ou equivalente)	(1)

Losada Vázquez, Olalla	***5822**	- Copia do DNI non autenticada. - Titulación requirida para o acceso non autenticada.	NON (CELGA 4 ou equivalente non autenticado)	(1) (2) (3)
Núñez Pérez, María	***5854**	- Non presenta Modelo Anexo II de solicitude asinado. - Copia do DNI non autenticada. - Titulación requirida para o acceso non autenticada e falta reverso.	NON (CELGA 4 ou equivalente non autenticado)	(2)
Rey López, Lorena	***4762**	- Copia do DNI non autenticada	SI (CELGA 4 ou equivalente)	(4)
Rodil Fernández, María Teresa	***8161**	- Titulación requirida para o acceso non autenticada.	SI (CELGA 4 ou equivalente)	(1)
Rodríguez Cabañas, Miguel	***3652**	- Copia do DNI non autenticada.	NON (CELGA 4 ou equivalente non autenticado)	(1) (2)
Torrente Pérez, Francisco Denís	***5950**	- Modelo Anexo II de solicitude presentado sen asinar. - Copia do DNI non autenticada. - Titulación requirida para o acceso non autenticada	NON (CELGA 4 ou equivalente non autenticado)	(2)

(1) Algún/s dos diplomas de cursos presentados para a súa valoración na fase de concurso non son copia auténtica.

(2) No caso de non presentar copia auténtica do CELGA 4, deberá realizar proba de galego (no suposto de que finalmente emende os defectos que motivan a exclusión provisional e resulte admitido/a).

(3) Non aporta informe de vida laboral.

(4) O arquivo “*Relación de méritos con anexos*” non é posible abrilo. Formato incompatible.

****Neste apartado de observacións (non excluíntes) recóllense os méritos ou outra documentación na que se observan deficiencias na súa presentación, que non motivan a exclusión no proceso selectivo, e que poderían ser obxecto de emenda polos interesados, sen que implique no caso dos méritos (aínda que sexan emendados), que estes cumpran cos requisitos establecidos nas bases para a súa puntuación na fase de concurso polo tribunal de selección.***

Segundo.- Publicar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, concedéndose o prazo de dez (10) días hábiles dende esta publicación, para formular reclamacións ou emendar erros. Advírtese aos/as candidatos/as provisionalmente excluídos, que de non emendar os defectos que motivan a súa exclusión no prazo outorgado, quedarán definitivamente excluídos da participación no proceso selectivo. Así mesmo, será tamén obxecto de publicación no taboleiro físico e na sede electrónica deste Concello (<https://concelloinicio.sedelectronica.gal>).

O Incio, 29 de maio de 2025.- O Alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 1448

MEIRA

Anuncio

EDICTO

Aprobado pola Xunta de Goberno Local deste Concello, na sesión celebrada o día 26 de maio do 2025 o Padrón de Vados e entrada por beirarrúas correspondente ao ano 2025.

Por medio do presente faise público que durante o prazo de un mes contado a partir do día seguinte da inserción do presente edicto no B.O. da Provincia de Lugo, queda de manifesto na Secretaría deste Concello ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1684/1990, de 20 de decembro, na súa modificación dada polo Real Decreto 448/1995, de 24 de marzo, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario dende o 15 de xuño do 2025 ata o 15 de agosto do 2025.

A presente publicación, nos dous supostos (edicto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, en fase voluntaria) surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ó amparo do establecido no citado artigo 124 da Lei Xeral Tributaria.

Transcorridos os prazos anteriores, as cotas non pagadas, esixíranse pola vía de constrinximento, cas correspondentes recargas que fixa o regulamento de recadación sendo remitidas á Excm. Deputación Provincial de Lugo para o seu cobro por vía de constrinximento, de conformidade co convenio subscrito para tal efecto con este Concello.

Meira, 26 de maio de 2025.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 1418

MONTERROSO

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 05 de 2025, dentro do vixente Orzamento municipal, por acordo adoptado en sesión celebrada o día **24 de abril de 2025** polo importe de **catrocentos noventa e tres mil oitocentos trinta e seis euros con oitenta e nove céntimos (493.836,89)**, de acordo co preceptuado e en cumprimento ó disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo de 2004, faise público que, despois de ser aprobado dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento queda da seguinte forma:

Cap. 1	Gastos de Persoal	2.363.705,19
Cap. 2	Gastos en bens correntes e servicios	972.067,97
Cap. 3	Gastos Financeiros	9.100,00
Cap. 4	Transferencias Correntes	80.346,06
Cap. 6	Inversións Reais	365.665,47
Cap. 7	Transferencias de Capital	26.041,98
Cap. 9	Pasivos Financeiros	37.143,20

SUMA TOTAL3.854.069,87 euros

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Monterroso, 27 de maio de 2025.- O Alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 1419

Anuncio

Aprobándose definitivamente o expediente de modificación da base 41 de execución do orzamento municipal do exercicio 2025 (prorrogado 2023) ao non presentarse alegacións, publícase o mesmo para o seu xeral coñecemento para os efectos do artigo 169.1.

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 171.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Sen prexuízo diso, a teor do establecido no artigo 171.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Monterroso, 27 de maio de 2025.- O Alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R, 1420

PANTÓN

Anuncio

Resolución de Alcaldía núm. 2025-0144, do día 26.05.25, pola que se aproba definitivamente o expediente de avocación de competencias.

Logo de aprobar definitivamente a avocación da competencia asumida pola Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no Decreto núm. 0180-2023, do día 29.06.23, de delegación de competencias, que ten o seguinte contido:

"B) EN MATERIA CONTRACTUAL:

1.- As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos, los contratos administrativos especiais e os contratos privados, cuxo valor estimado non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de 6.000.000,00 €, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a 4 anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

2.- Aprobar os proxectos de obra e servizos, así como as memorias valoradas, cando corresponda a competencia da súa aprobación ao alcalde."

De conformidade co disposto nos 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e 116 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2.868/1986, de 28 de novembro, publícase o mesmo para o seu xeral coñecemento.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou o acto notificado, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. A interposición do recurso de reposición potestativo impide interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio.

Pantón, 27 de maio de 2025.- O Alcalde-Presidente, José Luis Álvarez Blanco.

R. 1421

Anuncio

Na sesión ordinaria celebrada o 27.02.2025, o Pleno do Concello de Pantón acordou aprobar, con carácter inicial, a modificación do artigo 6 da Ordenanza municipal reguladora das axudas para o fomento da natalidade e das axudas de nenos.

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, e segundo o establecido nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, considérase definitivamente aprobado a devandito acordo, de maneira que o texto íntegro da Ordenanza sexa o que de seguido se sinala:

"ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS AXUDAS PARA O FOMENTO DA NATALIDADE E DAS AXUDAS DE NENOS NO CONCELLO DE PANTÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este Concello detectou que nos últimos anos ven decrecendo de xeito considerable a nosa taxa de natalidade, en consoancia co que acontece na meirande parte de Concellos de Galicia, principalmente por dous motivos fundamentais:

1º O envellecemento da poboación galega.

2º O movemento de poboación cara os núcleos urbanos.

A diminución de nacementos pode implicar graves consecuencias, xa que de non consolidarse un aumento leve, chegará un momento no que a escasa poboación impedirá atender uns servizos públicos axeitados e dignos, por outra banda, imprescindibles nos tempos actuais.

SERIE DE POBOACIÓN DE PANTÓN

- Ano 2008: 2.969 habitantes.
- Ano 2009: 2.931 habitantes.
- Ano 2010: 2.934 habitantes.
- Ano 2011: 2.860 habitantes.
- Ano 2012: 2.768 habitantes.
- Ano 2013: 2.708 habitantes.
- Ano 2014: 2.680 habitantes.

Poderían, en consecuencia, existir problemas para o mantemento futuro do Colexio Público “Monte Baliño” de O Castro de Ferreira e para a Gardería, piares fundamentais dos servizos a prestarse neste municipio se non se realizan políticas de fomento da natalidade.

Independentemente de que as competencias en canto a ordenación territorial corresponden á Comunidade Autónoma e ao Estado, este Concello, non entanto, non pode permanecer impasible ante a situación, polo que considera oportuno establecer medidas propias de fomento de natalidade.

Artigo 1.- Fundamento legal.

Esta ordenanza ten o seu fundamento legal nos artigos 2 e 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Artigo 2.- Obxecto.

O obxecto desta ordenanza é a regulación do réxime xurídico do outorgamento de axudas para o fomento da natalidade e nenos a cargo en Pantón.

Artigo 3.- Beneficiarios.

Serán beneficiarios das subvencións reguladas nesta ordenanza:

- Os proxenitores, xa sexan casados, parellas de feito ou familias monoparentais que teñan fillos.
- Así mesmo, serán beneficiarios os adoptantes de nenos de ata seis anos.

Artigo 4.- Requisitos para a concesión da subvención.

1. Dará lugar ao recoñecemento da subvención cada nacemento que teña lugar ou cada adopción que se formalice polos beneficiarios sinalados no artigo anterior.
2. Será requisito imprescindible para o recoñecemento da subvención que resida no municipio con carácter efectivo e acreditados ante o Concello con polo menos 12 meses o pai ou a nai, antes do nacemento do fillo ou adopción. Será documento acreditativo o certificado de empadramento e convivencia.
3. Será requisito para o pagamento efectivo da axuda que as persoas beneficiarias sinaladas no apartado anterior continúen residindo no municipio e que, en todo caso, o recentemente nacido sexa empadroadado por primeira vez en Pantón. En caso de adopción, que no prazo dun mes a contar dende a Resolución Xudicial sexa inscrito no padrón, así mesmo, no domicilio do adoptante. Será documento acreditativo do cumprimento do disposto neste apartado o certificado de empadramento e convivencia da unidade familiar.
4. Os beneficiarios deberán acharse ao corrente das obrigas tributarias municipais durante todo o ano anterior ao nacemento ou adopción.

Artigo 5.- Contía das axudas.

O Concello anualmente nos seus orzamentos destinará unha cantidade global a conceder por axudas á natalidade, importe que será o límite das axudas a recoñecer. Cada nacemento ou adopción que se formalice será obxecto dunha axuda, que será de 500 euros, no suposto de atoparse empadroados os dous proxenitores, reducíndose á metade no caso de estar só un deles. O Concello, sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, á vista das cifras resultantes, previa tramitación da modificación orzamentaria correspondente, poderá incrementar ou diminuír o importe global e, en consecuencia, a cantidade a outorgar a cada beneficiario.

Artigo 6.- Procedemento.

1. As solicitudes de axudas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello dentro dos dous meses seguintes ao nacemento do/a menor.

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Certificado de empadramento do/s proxenitor/es que acredite a residencia efectiva no municipio durante polos menos os últimos 12 meses desde o nacemento ou adopción.
- Certificado de convivencia onde figure o menor.
- Certificado de nacemento do recentemente nado, expedido polo Rexistro Civil correspondente, no caso de nacementos.
- Copia da Resolución Xudicial no caso de adopcións.
- Certificación municipal acreditativa de acharse ao corrente das obrigas tributarias municipais durante todo o ano anterior.
- Conta corrente bancaria onde se efectuará o ingreso.

2. Completada a documentación, os Servizos Municipais comprobaran a documentación e logo do informe do expediente, elevarase proposta á Xunta de Goberno Local, que aprobará o expediente e as contías individualizadas correspondentes, sendo notificado o devandito acordo as persoas solicitantes.

3. Adoptado o acordo pola Xunta de Goberno Local, aboarase as persoas solicitantes o importe resultante no prazo que se estableza no propio acordo.

4. Con carácter excepcional, a Xunta de Goberno Local poderá aprobar a concesión de achegas solicitadas en anos anteriores, que, por mor de problemas de xestión administrativas imputables ao Concello, non foran obxecto de tramitación e pagamento. Estas incidencias deberán constar acreditadas nos antecedentes do acordo da Xunta de Goberno local.

Artigo 7.- Responsabilidades.

Calquera falsidade que se detecte dará lugar ao non recoñecemento da axuda ou, caso de tela percibido xa, á devolución da mesma cos intereses legais correspondentes, independentemente das responsabilidades administrativas, civís ou penais que se puidesen esixir.

Artigo 8.- Compatibilidades.

Estas axudas serán compatibles coas axudas que poidan obterse dos Organismos oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e da Provincia.

Artigo 9.- Réxime Xurídico.

A normativa que regula a concesión de axudas á natalidade é a propia ordenanza. Para o non previsto na mesma, terase presente a Normativa administrativa reguladora de réxime local, e na súa falta, de carácter xeral.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Terase dereito a percibir a correspondente axuda por aqueles nacementos ou adopcións que teñan lugar a partir do día 1 de xaneiro do 2015.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez se publique o seu texto de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e transcorra o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, por remisión do disposto no artigo 70.2 da mesma.”

Contra o presente Acordo, interporase recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede na Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Pantón, 27 de maio de 2025.- O Alcalde-Presidente, José Luis Álvarez Blanco.

R. 1422

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (1 TÉCNICO PARA AS OFICINAS DE TURISMO) AO ABEIRO DO CONVENIO PARA A PROMOCIÓN DO CAMIÑO FRANCÉS

POSTO DE TRABAJO: 1 TÉCNICO PARA OFICINAS DE TURISMO

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro, será necesario adiantala por fax(982 367150), antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso - Oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Pedrafita do Cebreiro

Pedrafita do Cebreiro, 27 de maio de 2025.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 1423

RÁBADE

Anuncio

Elevado a definitivo, por non seren presentadas reclamacións durante o prazo de exposición ao público, o acordo adoptado polo Concello Pleno, en sesión celebrada o día 27 de marzo de 2025, no que se aprobou provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola tramitación de documentos e expedientes administrativos do Concello de Rábadade, en cumprimento do disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o acordo de aprobación e o texto íntegro da ordenanza.

Contra o referido acordo, que é firme en vía administrativa, pode interpoñerse no prazo de dous meses a partires da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que se establecen nas normas reguladoras de dita xurisdición.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR TRAMITACIÓN DE DOCUMENTOS E EXPEDIENTES ADMINISTRATIVOS DO CONCELLO DE RÁBADE.

Art. 1. Fundamento e natureza. No uso das facultades concedidas polos art. 133.2 e 142 da Constitución, art. 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos arts. 15 a 19 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido la Lei reguladora das facendas locais, este concello establece a Taxa por tramitación de documentos ou expedientes administrativos que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

Art. 2 Feito imponible. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, dos expedientes e para a expedición dos documentos que se indican no art. 6 desta ordenanza.

A estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calqueira documentación administrativa que fora provocada polo particular ou redunde no seu beneficio aínda que non mediara solicitude expresa do interesado.

Non estará suxeita a taxa a tramitación de documentos e expedientes que estean gravados por outra taxa municipal ou polos que se esixa un prezo público por este Concello, nin tampouco a documentación necesaria para o cumprimento das obrigas fiscais co concello, así como os expedientes de devolución de ingresos indebidos.

Tampouco estará suxeita a taxa a expedición da documentación solicitada por empregados públicos ou responsables políticos, que sexan necesarias para o exercicio das súas funcións.

Art. 3. Suxeito pasivo. Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades ás que se refire o art. 33 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten, provoquen ou en cuxo interese redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

Art. 4. Responsábeis. Responderán da débeda tributaria, xunto cos debedores principais, outras persoas ou entidades. A estes efectos, consideraranse debedores principais os obrigados tributarios do parágrafo 2 do art. 35 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Agás precepto legal expreso en contra, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

Art. 5. Cota tributaria. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.

A cota de tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, desde a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ao interesado do acordo recaído.

Art. 6.-Tarifas. A taxa á que se refire esta ordenanza rexeráse polas seguintes tarifas, que se estruturan nos epígrafes seguintes:

EPÍGRAFE PRIMEIRO. Padrón de habitantes:

Nº	CONCEPTO	IMPORTE
1	Certificados de empadramento no censo de poboación	1,80 €
2	Certificados de convivencia, residencia, signos externos ou similares	1,80 €

Non estarán suxeitos a taxa aqueles certificados que se xeneren de forma automatizada a través de procedementos dispoñibles na sede electrónica municipal.

EPÍGRAFE SEGUNDO. Certificacións, informes e outros servizos administrativos:

Nº	CONCEPTO	IMPORTE
1	Certificación de documentos, constancia en arquivos ou rexistros, acordos municipais e decretos (exentos os que leven consigo o pago ou outra taxa ou imposto)	6,00 €
2	Certificacións catastrais	6,00 €
3	Licenzas e cambios en materia de taxis	30,00 €
4	Dereitos de exame	18,00 €
5	Por cada expediente de concesión de licenza ou autorización municipal non tarifado especificamente por outra taxa	6,00 €
6	Calquera outro informe ou certificado non especificado nestas tarifas	6,00 €

Non estarán suxeitos á taxa por dereitos de exame aqueles procedementos de selección dos grupos C1 e C2 e outras agrupacións profesionais, cando nos mesmos se prevea un tempo de duración do contrato de menos de doce meses. Tampouco estarán suxeitos a esta taxa os procedementos de selección anteriores para persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% (para o que deberá presentar o certificado de minusvalía correspondente) e para aquelas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, polo menos, de seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas nas que solicite a súa participación (para o que deberá presentar o documento xustificativo expedido pola oficina de emprego correspondente).

EPÍGRAFE TERCEIRO: Documentos relativos ao servizo de urbanismo:

Nº	CONCEPTO	IMPORTE
1	Licenzas de obra ou comunicacións previas de obras	0,30% do orzamento de execución material, cun mínimo de 20,00 €.
2	Modificación de licenzas ou comunicacións previas	0,15% do orzamento de execución material, cun mínimo de 15,00 €.
3	Prórroga de licenzas	0,10% do orzamento de execución material, cun mínimo de 10,00 €.
4	Licenza de segregación ou agrupación parcelaria	100,00 €
5	Tramitación de comunicacións previas de primeira ocupación de edificacións	150,00 €
6	Declaración de incursión de edificación fóra de ordenación total ou parcial	70,00 €
7	Tramitación de expedientes de declaración de ruína	100,00 €
8	Tramitación de licenzas polo uso común especial do dominio públicos polas actividades extractivas de madeira	35,00 €
9	Certificado de cualificación ou clasificación urbanística	91,00 €
10	Outros informes ou certificados urbanísticos	30,00 €

Nos expedientes cuxa tramitación, de conformidade coa lexislación aplicable, estén suxeitos a taxa por exposición ao público mediante a inserción de anuncios en boletíns oficiais ou diarios de maior difusión, repercutirase a cuantía correspondente ao solicitante.

Art. 7.–Devengo. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude que inicie a tramitación do expediente, ou pola que se solicite a expedición do documento administrativo suxeito ao tributo.

Ademais, o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que den lugar a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado mais redunde no seu beneficio.

Art. 8.–Declaración e ingreso. A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, e no suposto de que o expediente se inicie de oficio, mediante a liquidación practicada pola administración.

Os/as interesados/as na expedición dun documento administrativo ou na tramitación dun dos expedientes suxeitos a taxa presentarán, xunto coa solicitude, a acreditación de ter efectuado o ingreso que corresponda no impreso de autoliquidación debidamente cumprimentado.

Os escritos presentados persoalmente no Rexistro de Entrada do Concello e os recibidos polos condutos aos que fai referencia o art. 66 da Lei de Procedemento Administrativo, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente mais poderase non darlles curso sen que se subsane a deficiencia, para esta finalidade requirirase ao interesado para que, no prazo de dez días abone as cotas correspondentes e así o acredite ante o Concello, co apercibimento de que, transcorrido dito prazo sen efectualo, teranse os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

Art. 9.–Infraccións e sancións. En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos arts. 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición derogatoria

Coa entrada en vigor da presente ordenanza queda derogada a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola tramitación de documentos e expedientes administrativos (BOP nº 102 de 4 de maio de 2012).

Disposición final. A presente ordenanza fiscal, aprobada definitivamente, entrará en vigor e será de plena aplicación ao día seguinte ao da súa publicación no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Rábade, 26 de maio de 2025.- A Alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 1424

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Os efectos do disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, pónse en coñecemento xeral que na Secretaría desta entidade atópase exposta ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2024, formada pola conta xeral do Concello e a da Fundación municipal “TerrEo”, co informe da Comisión Especial de Contas, por **prazo de quince (15) días**, durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que, examinados pola Comisión Especial de Contas e practicadas pola devandita cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe e someterase ao Pleno da Corporación para a súa aprobación, sen prexuízo do seu sometemento á fiscalización externa do Consello de Contas e do Tribunal de Cuentas.

Ribeira de Piquín, 27 de maio de 2025.- O Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 1431

SARRIA

Anuncio

Exposición pública do Padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento e depuración de augas residuais; recollida de lixo do Concello de Sarria.

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento-depuración; o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga e recollida de lixo, correspondente ao **primeiro trimestre de 2025**, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Peregrino nº 31 Portal 1 Baixo; en horario de

9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación. O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 4 de Xullo de 2025, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Sarria, 27 de maio de 2025.- O Sr. Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 1425

O SAVIÑAO

Anuncio

Exposición pública do padrón de suxeitos pasivos (contribuíntes) polos conceptos de taxa de recollida de LIXO (urbán), TAXA POLO SERVIZO DE SUBMINISTRO DE AUGA DOMICILIARIA (incluído o canon da auga) e SUMIDOIRO correspondentes ao 4 bimestre do exercicio 2023, aprobado por Decreto de Alcaldía de data 19 de maio do 2025.

Expóñense ao público por prazo de vinte días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

O prazo de ingreso, en período voluntario, será o comprendido entre o 02 de xuño e o 21 de xullo de 2025, ámbolos dous inclusive. O ingreso do recibo farase en calquera oficina do Banco Santander.

Os recibos dos titulares que non teñan domiciliado o pago, serán enviados os seus respectivos domicilios para que fagan o ingreso. Para as persoas que teñan domiciliado o pago, o Concello remitirá o correspondente recibo á conta de domiciliación.

Vencido o citado prazo en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina que os recibos non pagados esixiranse pola vía administrativa de prema, coas recargas e xuros correspondentes, consonte co establecido nos artigos 161 de Lei Xeral Tributaria e 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación (RD 939/2005, de 29 de xullo).

No caso do canon da auga, según dispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, a falta do seu pagamento no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

O Saviñao, 26 de maio de 2025.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 1426

Anuncio

Mediante Decreto de Alcaldía 2025-0147 de data 13/05/2025, aprobáronse as bases específicas para a selección, mediante o sistema de concurso-oposición, de 1 PEÓN ao abeiro do Plan Deputación de cooperación cos concellos 2025 (Programa B.3 reforzo do emprego), baixo a modalidade de funcionario interino para a execución de programas de carácter temporal do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (Expte. 375/2025).

Lugar de presentación de solicitudes: no Rexistro do Concello de O Saviñao (físico ou electrónico) ou a través de calquera das formas previstas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Prazo de presentación: nos cinco días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP de Lugo.

Máis información: as bases específicas da convocatoria poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de O Saviñao (<http://concellodosavinao.sedelectronica.gal>)

O Saviñao, 13 de maio de 2025.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 1427

XOVE*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO CONCELLO DE XOVE**

O Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o 21.04.2025, aprobou inicialmente a modificación puntual da Relación de Postos de Traballo do Concello de Xove.

No Boletín Oficial da Provincia nº 95 do 26.04.2025 foi publicado o anuncio de aprobación inicial, abríndose un prazo de vinte días hábiles para presentación de alegacións, reclamacións ou suxestións.

Ao non presentarse reclamacións, enténdese definitivamente aprobada a modificación puntual da Relación de Postos de Traballo do Concello de Xove.

Contra a aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Lugo, no prazo de dous meses. Previamente cabe interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acordo no prazo dun mes.

En cumprimento do disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril de emprego público de Galicia, publícase o texto íntegro da modificación puntual da Relación de Postos de Traballo do Concello de Xove segundo proxecto presente no expediente e que se sintetiza en:

Proceder á actualización descriptiva dun posto de traballo xa existentes na RPT:

PT 66 - AUX. ADMVO. - OPERARIO SERVICIOS MÚLTIPLES

Conclusións:

Anéxanse a este informe a descrición do posto de traballo obxecto de modificación, incorporando, así mesmo, a proposta de catalogación e valoración

- PT 66 – OPERARIO SERVICIOS MÚLTIPLES

Grupo/subgrupo: AP

Nivel de Destino: 13

Complemento Específico, puntos: 425

Posto-Tipo asimilado: Operario

Relación laboral proposta: Laboral

Forma provisión proposta: Concurso General

Movibilidade Interadministrativa: Sí (aberta)

Xove, 28 de maio de 2025.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1444